



Informe de valoración do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (Artigo 7.3 L.O. 2/2012).

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS, DETECTADAS POR ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO, NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA SEDE ADMINISTRATIVA E OS DEZ PARQUES DE BOMBEIROS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ASÍ COMO O SUBMINISTRO DE MATERIAIS NECESARIOS.

EXPEDIENTE: 2024/C004/000005

Primeiro.- Logo de ver que a Disposición Adicional Terceira, Normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sinala:

<<(…) 3. Os actos de fiscalización exércense polo órgano Interventor da Entidade local. Esta fiscalización recaerá tamén sobre valoración que se incorpore ao expediente de contratación sobre as repercusións de cada novo contrato, excepto os contratos menores, no cumprimento pola Entidade local dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que esixe o artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (...).>>

Segundo.- Visto o anterior e en relación ao expediente de contratación denominado “CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS, DETECTADAS POR ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO, NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA SEDE ADMINISTRATIVA E OS DEZ PARQUES DE BOMBEIROS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ASÍ COMO O SUBMINISTRO DE MATERIAIS NECESARIOS. ”.

É polo que, INFÓRMASE, o seguinte:

- A prestación de dito contrato correspóndese coa obriga da Administración de levar a cabo a reparación das deficiencias detectadas na inspección regulamentaria das instalacións eléctricas da sede administrativa e dos dez parques de bombeiros do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña.
- Para atender esta obriga, existe consignación orzamentaria, ao igual que no resto de anualidades, destinada ao mantemento, reparación e conservación entre outros das instalacións dos inmobles existentes; polo que, non esixe dunha dotación específica a maiores do xa previsto.
- A prestación deste contrato, polo antes mencionado, non implica carga financeira algunha.

A tenor do sinalado e a xuízo desta xerencia, a execución e desenvolvemento deste compromiso ineludible para esta administración- non afecta a sustentabilidade financeira nin a estabilidade orzamentaria-”

O que informo aos efectos oportunos.

Carballo, na data da sinatura dixital

O xerente,

José Luis Barca Añón